

## Anexo 2

### Declaración responsable CARROZAS

A cubrir só por participantes na modalidade de Carrozas

D/D<sup>a</sup> ..... con NIF ....., e enderezo en  
..... CP:....., localidade:.....,  
provincia ..... e teléfonos fixo ..... móbil: ..... e con e-mail  
....., en representación da carroza inscrita no  
Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas do Entroido do Concello de Carballo, co nome  
.....

De conformidade co disposto nas bases do Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas do Entroido do Concello de Carballo e coas especificacións que se recollen a continuación, presento esta DECLARACION RESPONSABLE nos seguintes termos:

- Declaro baixo a miña responsabilidade, cumprir cos requisitos técnicos e en materia de seguridade e salubridade na execución da carroza que se está a presentar a este Concurso.
- Declaro baixo a miña responsabilidade, que o/os vehículo/s que se utilicen na carroza (cabeza tractora e remolque) cumpren coa normativa vixente de circulación de vehículos pola vía pública e que dispoñen da documentación obrigatoria de conformidade coa normativa vixente .
- Declaro que durante a participación no concurso seguiremos en todo momento as instrucións da Organización e da Policía Local.
- Declaro que cumprimos e temos en vigor o seguro de responsabilidade civil conforme á Lei de espectáculos e actividades recreativas de Galicia e ao seu Regulamento.

#### Cabeza tractora:

1. Cada carroza contará cun tractor ou medio de locomoción que a remolque durante o percorrido. En caso de camión-carroza, non será necesario outro vehículo para remolcar.

2. Os vehículos deberán cumprir coa normativa vixente de circulación de vehículos pola vía pública.

#### Remolques-carrozas:

1. Medidas máximas: 8 metros de longo, 2,5 metros de ancho e 4 metros de alto. En ningún caso se poderán sobrepasar as medidas establecidas.

2. Non deberán posuír elementos cortantes e aconséllanse que contén con faldóns que protexan e oculten as rodas.

3. Os elementos con puntos de ancoraxe automáticos serán facilmente desmontables e non poderán sobresaír dos laterais.

4. Os equipos de son e de luz terán que ir protexidos e ocultos. Débese evitar utilizar iluminación mediante velas, petróleo, gas ou calquera outro tipo de combustible.

6. Aquelas carrozas que precisen de grupo electrógeno deberano protexer de golpes e inclemencias meteorolóxicas. O seu combustible non se poderá transportar na carroza, deberá ir no vehículo de arrastre, convenientemente situado para garantir a seguridade durante o desfile ou nun depósito homologado.

#### Xerais:

1. Recoméndase a utilización de materiais ignífugos e non inflamables e levar un extintor.

2. Evitarase a utilización de artigos pirotécnicos.

3. Cada carroza deberá ir acompañada por un mínimo de 4 adultos.

SOLICITO que se teña por presentada a presente DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Carballo, .....de ..... de 202

ASDO:

ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO